



# PLAN DIXITAL

## IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

VERSIÓN 1.0 XUÑO 2022

## Índice do Plan Dixital

<b>1.Introdución .....</b>	<b>3</b>
1.1.Datos básicos do centro.....	3
1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.3.Breve xustificación do mesmo .....	6
1.4.Proceso de elaboración.....	7
<b>2.Situación de partida .....</b>	<b>8</b>
2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	8
2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO .....	10
2.3.Análise DAFO.....	12
<b>3.Plan de Acción .....</b>	<b>14</b>
3.1.Obxectivos, indicadores e accións .....	14
3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	19
<b>4.Avaliación do plan.....</b>	<b>20</b>
<b>5.Difusión do plan .....</b>	<b>20</b>

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O centro **IES Ramón Menéndez Pidal**, está situado na rúa M<sup>a</sup> Victoria Fernández- España, no barrio de Monte Alto- Adormideras no centro de A Coruña.

Impártense as seguintes **ensinanzas**:

- ESO
- Bacharelato:
  - Ciencias
  - Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos Formativos de grao medio:
  - Actividades Comerciais
  - Comercialización de Produtos Alimentarios (dual)
- Ciclos Formativos de grao superior:
  - Comercio Internacional
  - Xestión de Vendas e Espazos Comerciais (dual e ordinario)
  - Transporte e Loxística (dual)

O **claustr**o no curso 2021-2022 estivo formado por 69 docentes, houbo 767 alumnos/as matriculados/as e 9 traballadores/as de persoal de administración e servizos.

O **equipo directivo** está organizado do seguinte xeito:

- **Dirección**: María Estrella Pérez Freire (estrelamaris@edu.xunta.gal)
- **Vicedirección**: Montserrat Cortizo Rodríguez (montsecortizo@edu.xunta.gal)
- **Xefatura de estudos**: María Dolores Vilariño Suárez (mariavilarinho@edu.xunta.gal)
- **Xefatura de estudos de adultos**: Nuria Pérez Castelo (nuriaperezcastelo@edu.xunta.gal)
- **Secretaría**: Manuel Juan Rodríguez Recioy (recioy@edu.xunta.gal)

Para máis información sobre o centro pódese consultar a páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal/>

Dispoñemos ademais das seguintes contas en redes sociais:

- <https://www.facebook.com/zalaeta/>
- <https://www.instagram.com/ies.zalaeta/?hl=es>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A maior parte do **alumnado** das etapas da ESO e Bacharelato procede de zonas próximas ao instituto pero é importante salientar o aumento que nos últimos anos existe da poboación inmigrante. No caso do alumnado dos Ciclos Formativos, a procedencia é moito máis ampla debido a que a especificidade dos estudos impartidos (da Familia Profesional de Comercio e Márketing) fai que o noso instituto recolla alumnado de calquera lugar da cidade, de concellos de áreas metropolitanas

e, en boa parte, doutras zonas da provincia da Coruña ou incluso de Galicia, ao ser escasa a oferta destas ensinanzas.

O **Proxecto Educativo** de centro está moi enfocado a acadar unha competencia dixital do alumnado. Dentro dos obxectivos para a mellora do rendemento destacamos os seguintes:

- *Incrementar a motivación do alumnado fomentando a súa participación e protagonismo nos procesos de ensino-aprendizaxe e moi particularmente nos proxectos que se desenvolven na aula.* Os usos e costumes na actualidade da mocidade inclúen o emprego de dispositivos electrónicos, polo tanto a dixitalización da contorna de aprendizaxe incardina o Plan Dixital co día a día do alumnado.
- *Conectar os proxectos de aula co mundo real e os intereses do alumnado para dotalos de sentido e dun carácter experiencial que os faga máis relevantes para eles.* Na actualidade a sociedade está condicionada por un contexto dixital moi marcado, polo que se queremos conectar ao alumnado co mundo real debemos de dixitalizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- *Priorizar o emprego de metodoloxías activas na aula, co obxectivo de favorecer o máximo desenvolvemento posible das competencias clave e a aplicación do coñecemento á solución de problemas autonomía do alumnado como aprendices asignándolles responsabilidades e depositando confianza neles.* A dixitalización ofrece uns recursos metodolóxicos moi interesantes que permiten ao alumnado acadar as competencias dun modo activo, continuado e accesible.
- *Fomentar o uso das TIC.* O Plan Dixital ten a súa base no fomento das TIC.
- *Crear espazos educativos onde cada docente teña oportunidade de demostrar o seu talento e de sobresaír como membro creativo, crítico e produtivo da sociedade.* As plataformas dixitais e a súa accesibilidade dota ao docente dunha canle de comunicación activa co seu alumnado que permite o seu propio desenvolvemento coma docente.

No apartado de “Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía”:

- Indícase no *punto a)* que queremos empregar unha metodoloxía activa, orientada a estimular o espírito crítico do alumnado e a consecución das competencias clave, favorecendo un clima de participación e traballo en equipo. Tanto para conseguir unha metodoloxía activa como para favorecer o traballo en equipo o emprego das novas tecnoloxías serán unha ferramenta moi útil.
- O *punto b)* *“Procurar o uso activo das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe”* xa supón un aliñamento directo ao plan dixital.
- A formación en competencias dixitais tanto do alumnado como do profesorado pode favorecer o *punto f)* *“Atender á diversidade de necesidades, interese e idade que presenta o alumnado, adaptando e diversificando o currículo de forma flexible.”*

A traxectoria do centro no ámbito das novas tecnoloxías e a innovación é longa. Destacamos os seguintes **plans e proxectos**:

- **Deseño e Son (@desenoeson):** O instituto Ramón Menéndez Pidal en colaboración cos CEE N<sup>a</sup> Sra de Lourdes (Aspronaga), CEE María Mariño, CEE Elviña (ASPANAES), Agrupación Astronómica ÍO e ONCE levan a cabo este proxecto do Programa de Cultura accesible e inclusiva de Fundación Emalcsa en colaboración co concello de A Coruña. Docentes de distintos centros traballan co alumnado adolescente compartindo experiencias, colaborando e visualizando realidades, integrando e aprendendo á vez que mesturan ás novas tecnoloxías coa música, xardinería e astronomía. Inclúe múltiples actividades de deseño e impresión 3D de obxectos de axuda, creación de apps, composición musical e creación de materiais audiovisuais con ampla difusión a través de diferentes canles e eventos dos produtos creados. (<https://paztecnologia.wixsite.com/desenoeson>)
- **Club de Ciencia e Tecnoloxía Zalatecno (@zalatecno en Instagram e @tecnozala en Twitter):** promotor de actividades e proxectos no centro como a Semana 11f de visibilización da muller e a nena na ciencia e a tecnoloxía, participación na EU Code Week (Semana Europea da programación) e na HOUR of CODE (evento internacional de programación), en Concurso e actividades organizadas por IGACIENCIA, como os Obradoiros de Robótica e Drones, Concursos de Sensores e Inventa en Galego, exposicións de Ciencia e Arte, no Día da Ciencia na Rúa (organizado polos Museos científicos coruñeses), na Galiciencia... así coma en proxectos da Universidade de A Coruña como [Talentos Inclusivos](#) e DTEC da Axencia galega de Innovación entre outros. (<https://sites.google.com/view/zalatecno20-21>)
- **Club de letras:** club creado por profesorado do centro onde se traballa co alumnado en actividades e proxectos para poñer en valor a palabra e o son, facendo distintos programas de radio que colgan na súa páxina web e en SPOTIFY. (<https://sites.google.com/view/clubdeletrasiezalaeta202021/curso-2021-2022>)
- **Edusostibilidade e Plan Proxecta- Mobilidade sostible:** para fomentar o coidado do medio ambiente dentro do centro e nos desprazamentos ao mesmo. Emprega a canle dixital para publicar as actividades que se propoñen e a comunicación co alumnado. (<https://eveiga3.wixsite.com/zalaetasostible>)
- **Voz Natura:** programa de educación medioambiental de La Voz de Galicia para concienciar e implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza no entorno próximo. Dende este programa e en coordinación co Deseño e Son créase material audiovisual (web de xogos de froiteiras, vídeo titoriais, etc...) das actividades que se realizan.
- **Plan de Normalización Lingüística:** para fomentar o uso da lingua galega no centro. A día de hoxe este equipo xa se está actualizando a nivel dixital realizando moitas das actividades de forma online. (<https://sites.google.com/zalaeta.gal/zalalingua/inicio?authuser=1>)
- **Plan Proxecta:** ademais de ter o proxecto de mobilidade sostible tamén traballamos en **Correspondentes 3.0** onde tentamos que toda a información de interese chegue aos adolescentes. Para iso empregamos a páxina web, redes sociais, correo electrónico... é un proxecto totalmente dixitalizado que axuda ao alumnado a estar informado en canto aos temas educativos.

Ademais a incorporación do Plan Dixital axudará á dixitalización doutros **plans e proxectos** que se están a realizar no centro entre os que salientamos:

- **Club de lectura:** onde se fomenta a lectura entre o alumnado. Dende este eido poderíase dixitalizar esa lectura de ter dispositivos suficientes para iso.
- **Plan Recupera-T:** o centro participa neste plan participando en ARCO ata o 31 de decembro de 2021 e no programa PROA+. Este plan inclúe as seguinte liñas:
  - **Queda-T:** para previr o abandono temperá e o absentismo adolescente.
  - **Iguala-T:** para traballar a igualdade.
  - **Convive-T:** para mellorar a convivencia nas aulas.
  - **Inclúe-T:** para facilitar a inclusión dentro das aulas.
  - **Emociona-T:** para traballar as emocións do alumnado.

A grande cantidade de recursos dixitais relativos á igualdade, convivencia, inclusión e emocións pode mellorar a calidade do traballo que estamos a realizar neste plan.

- **Plan Innova:** que ten como obxectivo facilitar que o alumnado desenvolva as habilidades e competencias básicas necesarias no século XXI. Evidentemente unhas das competencias que ten que adquirir o alumno é a competencia dixital polo que está intimamente ligado a este plan. Dentro deste plan destacamos:
  - **Eduexcelencia:** para alumnado con altas capacidades.
  - **Edusaúde:** para dinamizar hábitos de vida saudable.
- **Educaldade:** para mellorar a calidade das actividades realizadas no centro (convivencia, festas e celebracións...). A accesibilidade á información, a difusión das actividades a nivel dixital e a publicidade das mesmas entre o alumnado pode favorecer a participación.

A implementación do Plan Dixital no vindeiro curso, incorporará os seguintes obxectivos á **Programación Xeral Anual:**

- Elaborar un plan de formación dixital para o alumnado.
- Elaborar un plan de formación dixital para o profesorado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa relacionada coa elaboración do Plan Dixital do centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do

Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- LO de ordenación e integración da FP do 31 de marzo do 2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Para a realización do Plan Dixital creouse un **equipo de traballo** coordinado por Estela Veiga Cougil e formado polos seguintes profesionais:

- Juan Jesús Carracedo Vázquez
- Luis Miguel Cruz Mahía
- Elena Rosario Maseda Ferreiro
- Nuria Pérez Castelo
- María de los Ángeles Rama Varela
- María Soledad Seoane Sobrino
- María Montserrat Cortizo Rodríguez
- José Fernández Gómez
- José Manuel Mendoza Morandeira
- María Estrella Pérez Freire
- María Belén Rodríguez González

Estableceuse un **calendario de reunións** para elaborar as distintas actividades. O realizado nos distintos trimestres foi:

- **1º TRIMESTRE:**
  - Presentación do equipo de traballo.
  - Explicación dos obxectivos de traballo.
  - Selección das etapas que participarían na enquisa SELFIE
  - Reparto das clases entre o profesorado do equipo para a realización da enquisa.
  - Realización da enquisa, por parte do profesorado do equipo, ás clases que lle foran asignadas.
- **2º TRIMESTRE:**
  - Explicación do test de Competencia Dixital Docente.
  - Asignación dun/dunha profesor/a de apoio para cada un dos docentes do centro.
  - Comunicación no Claustro da importancia da realización do test e das datas para facelo.
  - Realización da formación sobre realización do DAFO impartida por los coordinadores/as ADIX.
  - Elaboración do DAFO do centro.
- **3º TRIMESTRE:**
  - Realización da formación sobre a elaboración do Plan Dixital impartida polos coordinadores/as ADIX.
  - Definición dos obxectivos do Plan Dixital do centro.
  - Elaboración do Plan Dixital de centro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta coa seguinte **infraestrutura dixital**:

- **A conexión a internet** ten unha velocidade teórica de 600 Mbps de subida e de baixada. Na realidade o acceso a Internet **interrómtese en numerosas ocasións** impedíndonos impartir unha docencia dixital de calidade.
- **A rede é cableada** en tódalas aulas. Conta con 3 racks principais e 7 secundarios (que se atopan nas distintas aulas de informática). O rack principal, onde está o router e polo tanto a conexión a Internet, está situado nunha dependencia anexa á secretaría, de onde parte a ligazón cos equipos de secretaría, despachos xerais e aos outros racks.
- **Rede sen fíos** en todo o instituto. Ten 24 puntos de acceso instalados do que **só funciona 1**. A causa é a antigüidade destes, que foron instalados no ano 2004. Solicitouse á UAC a súa substitución en reiteradas ocasións durante os últimos anos sen que de momento procedécese a este cambio.

O **equipamento** co que contamos é:

- **6 aulas de informática** para ciclos formativos:
  - Aula 1 de informática: ten 30 ordenadores cunha antigüidade de 9 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula 2 de informática: ten 31 ordenadores cunha antigüidade de 5 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula 3 de informática: ten 19 ordenadores cunha antigüidade de 5 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula 4 de informática: ten 29 ordenadores cunha antigüidade de 5 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula 5 de informática: ten 31 ordenadores cunha antigüidade de 5 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula 6 de informática: ten 31 ordenadores cunha antigüidade de 7 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
- **3 aulas de informática** para ESO:
  - Aula informática da ESO: ten 20 ordenadores cunha antigüidade de 5 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula do concello: ten 20 ordenadores cunha antigüidade de 5 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
  - Aula Paidella: ten 20 ordenadores cunha antigüidade de 4 anos. Conta cun proxector conectado por VGA.
- Nas **aulas de teoría** dispomos dun ordenador conectado á rede cableada.



- Nos **despachos** de dirección, vicedirección, de secretaría e xefaturas de estudos hai un ordenador en cada un.
- Na **secretaría do centro** contamos con dous ordenadores.
- Na **biblioteca** temos dous ordenadores para o profesorado e 12 para libre disposición do alumnado. Cabe resaltar que os 12 ordenadores do alumnado son moi antigos e apenas serven para traballar.
- De **Educa dixital** dispoñemos de 50 portátiles para préstamos ao alumnado que o precise.
- Dispomos tamén de **6 ordenadores portátiles para préstamos** ao alumnado de ciclos formativos que o precise.
- Na **sala de profesores** temos 6 ordenadores para libre utilización do profesorado.
- O **departamento de comercio e márketing** dispón de 7 ordenadores para o profesorado e dúas impresoras.
- O **departamento de matemáticas** dispón de 2 ordenadores para o profesorado e 1 impresora.
- O **departamento de lingua castelá** dispón dun ordenador para o profesorado e dun portátil.
- O **departamento de xeografía e historia** dispón dun portátil para o profesorado.
- O **departamento de economía** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de educación física** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de física e química** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de tecnoloxía** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de relixión** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de orientación** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de música** non dispón de ordenadores nin dispositivos.
- O **departamento de lingua galega** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de debuxo** non dispón de ordenadores nin dispositivos.
- O **departamento de bioloxía** dispón dun portátil para o profesorado.
- O **departamento de linguas clásicas** non dispón de ordenadores nin dispositivos.
- O **departamento de filosofía** dispón dun ordenador para o profesorado.
- O **departamento de inglés** dispón dun ordenador para o profesorado.

Os **servizos dixitais educativos** cos que contamos no IES son:

- **Páxina web do centro:** onde se colgan toda a información e novas relacionadas co centro. (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal/>)
- **Facebook e Instagram:** onde se colga toda a información e novas relacionadas cos centro. (<https://www.facebook.com/zalaeta/> <https://www.instagram.com/ies.zalaeta/?hl=es>)
- **Abalar e Abalar Mobil.**

O **mantemento do equipamento** do centro realízase por un profesor, Juan Jesús Carracedo Vázquez, do departamento de Comercio e Márketing. O profesorado anota as incidencias en portería e el resólveas axudado por unha empresa externa que traballa 5 horas á semana para o centro.

Os plans relacionados directamente coas TICS están dispoñibles nos seguintes enlaces:

- [Plan TIC](#)
- [Plan de continxencia](#)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Na autoavaliación SELFIE das etapas do centro obtivemos os seguinte resultados.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo		2.3	3.3	2.2	
	Profesorado		2.9	3.1	2.8	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo		2.8	2.8	2.5	
	Profesorado		2.7	2.8	2.3	
	Alumnado		2.2	2.3	2.5	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo		2.9	3.5	2.8	
	Profesorado		2.8	2.7	2.8	
	Alumnado		2.6	2.7	2.9	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo		3	2	2.8	
	Profesorado		3.1	3	3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo		4.2	4.8	3.3	
	Profesorado		4	3.4	4	
	Alumnado		3.6	3.7	3.9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo		3.5	3.6	2.7	
	Profesorado		3.3	3.2	3.3	
	Alumnado		2.7	2.7	3.1	
G- Prácticas de avaliación	Equipo		3.3	3	2.1	
	Profesorado		2.8	2.8	3.1	
	Alumnado		2.2	2.2	2.7	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo		3.9	4.6	3.5	
	Profesorado		3.2	3.2	3.2	
	Alumnado		2.6	2.8	3	

Do test CDD destacamos a seguinte información:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	40	46	87%
PROVISIONAL	5	6	83%
INTERINO	13	15	86,7%
SUBSTITUTO	9	11	81,8%
DESPRAZADO	2	2	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,3%	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	77,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	79,6	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	91,3	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	5	7,2%
A2	22	31,9%
B1	19	27,5%
B2	15	21,7%
C1	5	7,2%
C2	3	4,3%
TOTAL	69	99,8%

Cómpre resaltar que para a elaboración do DAFO tamén se tivo en conta a experiencia previa do profesorado do centro, tendo en conta tanto a súa opinión sobre a formación do alumnado a nivel dixital como con respecto á docencia en si.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. O DAFO resultante foi o seguinte:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		
	PERSONAL DOCENTE	<p><b>E2:</b> O profesorado crea habitualmente recursos dixitais para reforzar o método de ensinanza.</p> <p><b>E4:</b> A comunicación relativa ao centro educativo entre os membros da comunidade realízase empregando tecnoloxías dixitais.</p> <p>Contamos cun 33% do profesorado con nivel de experto ou superior en canto a competencia dixital</p>	<p><b>F:</b> O profesorado precisa actualizarse, innova e empregar máis ferramentas dixitais nas prácticas de ensinanza aprendizaxe.</p> <p><b>D+B:</b> O profesorado debería compartir as súas experiencias tecnolóxicas tanto entre eles/as como mediante a colaboración con outros centros.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<p><b>H3:</b> O alumnado non aprende a actuar de xeito responsable en internet</p> <p><b>H4:</b> O alumnado non aprende a verificar a calidade da información dando por válida calquera texto que atopa nas redes.</p> <p><b>H13:</b> O alumnado debe aprender a resolver problemas técnicos sinxelos que lle permitan seguir traballando.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA	<b>A3:</b> O equipo directivo apoia ao profesorado á hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<b>A1:</b> Non contamos cunha estratexia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A formación nas empresas que se oferta para profesorado de ciclos formativos permite actualizarse en canto ás aplicacións informáticas que se están a empregar neste momento.	A Administración non reconece o esforzo que supón formarse a nivel dixital por parte do profesorado.
	LEXISLACIÓN		A extensión dos currículos actuais non ten en conta os tempos que implica introducir tecnoloxía na aula.
	CONTORNA	Existencia de centros con maior nivel na competencia dixital que poidan contarnos a súa experiencia.	Nivel socioeconómico das familias, que dificulta nalgúns casos as posibilidades de acceso a recursos dixitais, incluso os que se facilitan desde o centro.
	ANPA	Incorporar ás familias ao entorno dixital do centro, contando con elas para ver posibles necesidades	
	OUTRAS ENTIDADES	Aproveitar o polo tecnolóxico da "Cidade das TICs-UDC". AS empresas da cidade pode aportarnos especialización e unha	

		relación máis directa coa contorna para conseguir unha mellor colocación do alumnado na etapa de ciclos formativos.	
	<b>INFRAESTRUTURAS</b>	Creación dun mapa de conectividade do instituto que permita localizar avarías máis rapidamente.	<p><b>C1+C14:</b> Non dispomos da infraestrutura nin do espazo necesarios para dar unha formación dixital de calidade.</p> <p><b>C10:</b> Non temos suficientes dispositivos para o alumnado do centro. Necesidade de renovación dos sistema eléctrico do centro.</p>
	<b>SOFTWARE</b>		O acceso a aplicacións, programas, etc. Non sempre son de libre acceso (as versións libres son incompletas e non podemos asumir as licenzas). Este feito é observable sobre todo en ciclos formativos: VisualTrans, Autocad, AEAT...

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para definir os obxectivos o primeiro que fixemos foi establecer áreas prioritarias nas que nos queriamos centrar. Escollemos as seguintes áreas na orde que segue a continuación:

- **H:** Competencia dixital do alumnado.
- **C:** Infraestrutura e equipos.
- **F:** Pedagogía: implementación na aula.
- **E:** Pedagogía: apoios e recursos.
- **A:** Liderado
- **B:** Colaboración e redes.
- **D:** Desenvolvemento profesional continuo.

A partir destas áreas definimos os seguintes obxectivos para o Plan Dixital:

<b>“Área/s de mellora”: H: Competencia dixital do alumnado</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Elaborar un plan de formación Dixital para o alumnado e impleméntalo				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de materias que realizan accións formativas para cada curso					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 accións formativas por curso					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Polo menos incluír accións formativas nun 40% das materias de cada curso			21/06/ 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1.: ESCOLLER OS OBXECTIVOS A CONSEGUIR NO PLAN DE FORMACIÓN DIXITAL</b>	O Equipo do Plan Dixital	15/09/2022	Acceso a Internet. Ordenador con editor de textos Contacto con empresas (ciclos formativos)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2.: REPARTIR OS OBXECTIVOS POR CURSOS</b>	O Equipo do Plan Dixital	15/09/2022	Acceso a Internet Ordenador con editor de textos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3.: REPARTIR A FORMACIÓN POR MATERIAS DENTRO DOS CURSOS</b>	O Equipo do Plan Dixital	15/09/2022	Acceso a Internet Ordenador con editor de textos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.4.: PROGRAMAR AS DISTINTAS ACCIÓN FOMATIVAS A LEVAR A CABO</b>	O Equipo do Plan Dixital	15/09/2022	Acceso a Internet Ordenador con editor de textos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.5.: IMPLEMENTAR O PLAN DE FORMACIÓN</b>	O Equipo Docente	21/06/2023	Acceso a Internet Ordenador con programas específicos para cada etapa. Aula de informática con ordenadores e cos programas específicos para cada etapa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>“Área/s de mellora”: D: Desarrollo profesional continuo</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Formar ao profesorado para que sexa capaz de dar unha formación dixital de calidade				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de accións formativas para o profesorado. Porcentaxe de participación do profesorado nas accións formativas.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 Accións formativas específicas para o profesorado. 0% participación por parte do profesorado nas accións formativas.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Polo menos 1 curso de formación por etapa. Participación mínima dun 75% do profesorado nos cursos			21/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1.: DESEÑO DOS CURSOS DE FORMACIÓN A IMPARTIR AO PROFESORADO SOBRE ENSINANZA DIXITAL</b>	Coordinadora do Plan Dixital e/ou Equipo Plan Dixital	15/09/2022	Acceso a Internet. Ordenador con editor de textos Aula para formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2.: FORMAR AO PROFESORADO EN FUNCIÓN DA ENSINANZA DIXITAL QUE DEBE IMPARTIR AO ALUMNADO NA AULA</b>	Coordinadora do Plan Dixital e/ou Equipo Plan Dixital	21/06/2023	Acceso a Internet. Ordenador con editor de textos Aula para formación. Contacto con outros centros para compartir experiencias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



“Área/s de mellora”: B: Colaboración e redes						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Compartir experiencias tecnolóxicas				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de documentación achegada por parte do profesorado do centro. Número de xornadas adicadas a compartir experiencias.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 documentos compartidos polo profesorado do centro. 0 Xornadas adicadas a compartir experiencias dixitais.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Achega de polo menos 2 documentos por etapa. Realización dunha xornada ao trimestre para compartir experiencias.			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1.: CREAR UN CURSO	Coordinadora da aula virtual	15/10/2022	Acceso a Internet. Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2.: APORTAR ARQUIVOS AO CURSO	Equipo docente	15/10/2022	Acceso a Internet. Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3.: REALIZAR REUNIÓN OU XORNADAS PARA COMPARTIR EXPERIENCIAS TECNOLÓXICAS	Equipo docente	21/10/2023	Acceso a Internet. Aula para a reunión con ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C: Infraestrutura e equipos						
4. OBXECTIVO (1):	Mellorar as redes e aumentar o número de dispositivos do centro. (C1, C14, C10)				Acadado	
RESPONSABLE:	A directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Envío da solicitude					
Valor de partida (3)	0 solicitudes enviadas					
Valor previsto e data (4)	Solicitude enviada			15/09/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1.: SOLICITAR A MELLORA DA DOTACIÓN DAS AULAS DA ESO/BTO		15/09/2022	Acceso a Internet Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2.: SOLICITAR A MELLORA DA WIFI PARA QUE CHEGUE A TODO O CENTRO		15/09/2022	Acceso a Internet Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3.: SOLICITAR A CREACIÓN DUN MAPA DE CONECTIVIDADE DO CENTRO		15/09/2022	Acceso a Internet Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para poder implementar correctamente o Plan Dixital precisaríamos das seguintes melloras tecnolóxicas:

- **Novos equipamento para salas de profesores e departamentos:** o escaso número e a situación actual dos dispositivos, obsoletos, que o profesorado ten á súa disposición impide un correcto desenvolvemento do proceso de dixitalización deste colectivo. Isto pode derivar, á súa vez, nunha mala formación na competencia dixital do alumnado. Serían necesarios 50 ordenadores para poder empezar a traballar na competencia dixital do profesorado e polo tanto, e de forma indirecta, do alumnado.
- **Novos equipamentos para a biblioteca:** os dispositivos que o alumnado ten á súa disposición na biblioteca están obsoletos, polo que non son útiles para responder ás necesidades do alumnado actual. Serían necesarios 30 ordenadores para uso do alumnado no centro.
- **Pantallas interactivas para proxectar dende o equipo do profesor:** os proxectores dos que dispoñemos actualmente son moi antigos e dificultan o desenvolvemento docente. Serían necesarias 32 pantallas interactivas soamente para poder comezar unha formación dixital ao alumnado.
- **2 Aulas móbiles, é dicir 2 carritos enchufables e con chave, con 30 portátiles cada uno:** para poder formar ao alumnado da ESO e BTO na competencia dixital, dispomos de tan so 3 aulas con 20 postos cada unha. No centro temos 4 liñas na maioría dos cursos da ESO e 3 nas de BTO polo que é imposible que todas clases desfruten destas aulas. Por outra banda o número de dispositivos que teñen nunca alcanzan para todos os/as alumnos/as. É por iso que consideramos imprescindible dispor de dúas aulas móbiles para a formación nestas etapas.
- **Mellora da rede cableada do instituto:** a rede falla con frecuencia polo que a pesar de ter internet nas aulas as interrupcións constantes imposibilita os correcto desenvolvemento da práctica docente.
- **Mellora da rede wifi:** para traballar con aulas móbiles precisamos ter unha rede wifi consistente e que permita ao alumnado navegar por internet sen interrupcións.
- **Servidor no centro:** para poder formar ao alumnado correctamente e poder organizar os traballos do profesorado o máis correcto sería contar cun servidor onde poidamos crear contas de usuario para empregar nas distintas aulas. Deste xeito o alumnado e o profesorado podería moverse polos distintos dispositivos do centro, ou empregar indistintamente as aulas móbiles e contar sempre cos seus documentos na súa conta. Isto permitiría a compartición de recursos e facilitaría a formación en temas de seguridade do alumnado e o profesorado.
- **Licencias para software específico:** nos ciclos formativos é necesario formar ao alumnado no software que empregará no seu futuro laboral polo que para dar unha boa ensinanza dixital precisamos das licencias de programas específicos que están a empregar as empresas da noso entorno.

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- Realizarase unha reunión trimestral para valorar o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Realizarase unha reunión a final de curso para valorar os logros, propoñer cambios e incorporar as propostas de mellora realizadas ao longo de todo o ano.

#### 5. Difusión do plan

O Plan Dixital será difundido nun dos claustros do mes de xuño do actual curso 2021-2022 e a continuación exposto no Consello Educativo.

A inicio do curso seguinte (2022-2023) recordarase nos primeiros Claustros e continuación difundiranse as accións que se vaian levando a cabo mediante a páxina web e as redes sociais para que toda a comunidade educativa estea informada.